

DESENVOLVIMENTO DO LIDERADO

X EDICIÓN

De febreiro a xullo de 2026

Unha das manobras máis importantes na náutica a vela é a virada, que consiste en cambiar de rumbo.

A virada ten varias formas de realizarse, xestionando as velas e a tripulación para aproveitar os ventos.

2026

2026

VIRADA LIDERADO

O Programa VIRADA Liderado pretende contribuír a que persoas con responsabilidades directivas ou de coordinación de equipos de traballo, presentes ou futuras, adquiran competencias estratégicas, interpersoais e persoais que as capaciten para o exercicio dun liderado máis efectivo.

As competencias a adquirir durante o proceso son de tipo estratégico, interpersoal e persoal.

COMPETENCIAS ESTRATÉXICAS

- Dirección estratégica.
- Orientación ao cliente.
- Rede de relacóns.
- Negociación.

COMPETENCIAS INTERPERSONAIS

- Dirección de equipos.
- Comunicación.
- Delegación.
- Xestión do talento.

COMPETENCIAS PERSOAIS

- Análise de problemas e toma de decisións.
- Xestión do tempo.
- Xestión do cambio e aprendizaxe.
- Autocontrol e equilibrio.



DIRIXIDO A...

O programa está deseñado para compaxinalo co labor profesional, axudar a resolver situacións do día a día e compartir inquietudes con persoas afíns. Suporá, en certo xeito, un “respiro” no devandito labor.



O número de prazas está limitado

Máximo de
25 participantes

Máximo de
2 persoas
por entidade

**ALGALIA resérvase o dereito de suspender
a edición do programa por razóns organizativas**

ACTIVIDADES

VIRADA Liderado está deseñado para que a persoa participante sexa protagonista da súa propia aprendizaxe, aínda que será de gran axuda compartir a experiencia en grupo e contar co apoio do equipo facilitador.

Para lograr as competencias de liderado levará a cabo un itinerario con espazos e actividades individuais e grupais. Todas elas están deseñadas e relacionadas co propósito de lograr unha aprendizaxe efectiva e aplicable.

Encontros presenciais outdoor

Neste espazo de aprendizaxe ofrecense enfoques e ferramentas prácticas sobre liderado en xornadas de dous días con hospedaxe incluído en Caldaria Arnoia. Unha mirada profunda e vivencial dos elementos que interveñen na nosa forma de pensar, comunicarnos e actuar, a nivel persoal e grupal.

Coaching persoal

Cada participante será acompañado por unha persona coach de manera personalizada, co fin de indagar e reflexionar sobre a súa visión e práctica como líder. Trátase dun proceso persoal con gran repercusión na forma de pensar, sentir e actuar.

Obradoiros de contidos sobre liderado

Son espazos que propician unha aprendizaxe vivencial próxima e de confianza, onde se traballan temas relacionados co Proxecto de Desenvolvemento Persoal, así como elementos presentes nos Encontros presenciais Outdoor.

Proxecto de Desenvolvemento Persoal

Cada participante deseñará e levará a cabo un Proxecto de Desenvolvemento Persoal aplicado á súa entidade, estreitamente relacionado co desenvolvemento do liderado persoal e as habilidades traballadas durante o Programa. Este proceso enriquecerase en tutorías grupais.

ITINERARIO

Primeiro
Outdoor



Coaching
persoal




Segundo
Outdoor



Coaching
persoal




Terceiro
Outdoor



Primeiro
obradoiro



Segundo
obradoiro



CONTIDOS

BLOQUE I. PRESENTACIÓN

- Enfoque e metodoloxía do programa.
- Aprender a aprender.
- Xestión do cambio.
- Competencias directivas.

BLOQUE II. DENDE ONDE MIRAMOS

- O observador que somos.
- O sistema ao que pertencemos.
- A nosa estrutura e cultura organizativa.

BLOQUE III. A NOSA IDENTIDADE

- Conversacións públicas e privadas.
- A identidade pública.
- Identidade e conversacións nas nosas organizacións.

BLOQUE IV. A FALA

- Propoñer e indagar.
- As afirmacións e as declaracións.
- As declaracións que facemos e que non facemos.

BLOQUE V. A ESCOITA

- A inquietude detrás da escoita.
- As claves da escoita.
- Como se escoita nas nosas organizacións.

BLOQUE VI. INTRODUCCIÓN ÁS EMOCIÓN

- Que son as emocións.
- A xestión das emocións.
- Como sinto, como sentimos.

BLOQUE VII. OS XUIZOS

- Esquemas mentais, crenzas e xuízos.
- Fundamentación dos xuízos.
- Os xuízos nas nosas organizacións.

BLOQUE VIII. OS SISTEMAS

- Perspectiva sistémica.
- Principios sistémicos.
- Dinámica grupal: unha ollada sistémica á nosa organización.

BLOQUE IX. COORDINARNOS COS DEMAIS

- A promesa.
- O ciclo de coordinación de accións.
- A coordinación grupal nas nosas organizacións.

BLOQUE X. EMOCIÓN (DISTINCIÓN)

- Aprender as distincións das emocións.
- A empatía e a sensibilidade.
- A transformación emocional das nosas organizacións.

BLOQUE XI. A TOMA DE DECISIÓN E O TRABALLO EN EQUIPO

- A filosofía gañar-gañar.
- Enfoque centrado na solución.
- Mapa de poder e círculo de influencia.
- As decisións no grupo.

BLOQUE XII. A CORPORALIDADE

- A integración da cognición, a emoción e o corpo.
- Os 4 elementos: terra, auga, aire e lume.

BLOQUE XIII. A INNOVACIÓN E A CREATIVIDADE

- Actitude e técnicas para a innovación e a creatividade persoal.
- A innovación e a creatividade grupal.

BLOQUE XIV. PECHE PERSOAL

- Viaxe persoal.

BLOQUE XV. PECHE GRUPAL

- Viaxe grupal.
- Peche da aprendizaxe e avaliación.

CALENDARIO

2026

Xaneiro						
Lu	Ma	Me	Xo	Ve	Sa	Do
			1	2	3	4
5	6	7	8	9	10	11
12	13	14	15	16	17	18
19	20	21	22	23	24	25
26	27	28	29	30	31	

Febreiro						
Lu	Ma	Me	Xo	Ve	Sa	Do
					1	
2	3	4	5	6	7	8
9	10	11	12	13	14	15
16	17	18	19	20	21	22
23	24	25	26	27	28	

Marzo						
Lu	Ma	Me	Xo	Ve	Sa	Do
						1
2	3	4	5	6	7	8
9	10	11	12	13	14	15
16	17	18	19	20	21	22
23	24	25	26	27	28	29
30	31					

Abril						
Lu	Ma	Me	Xo	Ve	Sa	Do
			1	2	3	4
6	7	8	9	10	11	12
13	14	15	16	17	18	19
20	21	22	23	24	25	26
27	28	29	30			

Maio						
Lu	Ma	Me	Xo	Ve	Sa	Do
				1	2	3
4	5	6	7	8	9	10
11	12	13	14	15	16	17
18	19	20	21	22	23	24
25	26	27	28	29	30	31

Xuño						
Lu	Ma	Me	Xo	Ve	Sa	Do
1	2	3	4	5	6	7
8	9	10	11	12	13	14
15	16	17	18	19	20	21
22	23	24	25	26	27	28
29	30					

Xullo						
Lu	Ma	Me	Xo	Ve	Sa	Do
		1	2	3	4	5
6	7	8	9	10	11	12
13	14	15	16	17	18	19
20	21	22	23	24	25	26
27	28	29	30	31		

Agosto						
Lu	Ma	Me	Xo	Ve	Sa	Do
				1	2	
3	4	5	6	7	8	9
10	11	12	13	14	15	16
17	18	19	20	21	22	23
24	25	26	27	28	29	30
31						

Setembro						
Lu	Ma	Me	Xo	Ve	Sa	Do
				1	2	3
7	8	9	10	11	12	13
14	15	16	17	18	19	20
21	22	23	24	25	26	27
28	29	30				

- 1** Non laboral España
- 1** Non laboral Galicia
- 1** Non laboral Compostela
- 1** Entroido
- 1** Semana Santa
- 1** San Xoan

- Obradoiro Cidade da Cultura**
- Experiencia OUTDOOR Caldaria**

*As dúas sesións de **coaching persoal** acordaránse entre a persona participante e a coach asignada.

EQUIPO VIRADA



www.edefundazioa.org

ANDER MIMENZA

É responsable de BIDERÁ (Liderado e Emprendizaxe Social) e desenvolve o seu labor na área de Organizacións e persoas profesionais de EDE Fundazioa acompañando procesos de fortalecemento organizacional. Compaxina este labor de coordinación e consultoría coa de coaching e facilitación de cursos: planificación estratégica, comunicación e mercadotecnia, liderado, competencias conversacionais, perspectiva sistémica, etc. É investigador en cultura e desenvolvemento organizacional, e coach ontológico, sistémico e PNL.

MIGUEL BARBOSA

É consultor de desenvolvemento organizativo en ALGALIA e responsable da Área de Consultoría. Consultor de persoas e procesos, e coach. Diplomado en Ciencias empresariais (especialidade de Recursos humanos) (UdeVigo), e Relacións Laborais (UdeVigo), Máster en Coaching de Persoas e Equipos (Mondragon Unibertsitatea), Máster en Calidade (INGAFOR), Máster en Zestión Ambiental (INGAFOR) e Máster en Prevención de Riscos laborais (INGAFOR). É formador en diferentes Máster e Cursos superiores de Calidade, prevención de riscos laborais, recursos humanos e medioambiente.

BEGOÑA SUÁREZ

É xerente da Asociación AMIPA dende 2009 e colaboradora de ALGALIA como coach desde 2018. Desenvolveu o seu labor profesional na administración local e como formadora en diversos cursos relacionados co ámbito xurídico e social, na administración local e en entidades non lucrativas. Licenciada en Dereito (USC), Máster en Dirección e Xestión de Centros, Recursos e Servizos para a Atención á Dependencia (USC), Máster en coaching de persoas e equipos (Mondragon Unibertsitatea) e Curso de experto en coaching de sistemas relacionais e de equipos (Mondragon Unibertsitatea).

MARÍA JOSÉ NOVOA

É directora Técnica Xeral-Xerente da Asociación de Axuda ó Enfermo Mental "A Mariña" desde 2009 e colaboradora de Algalia como coach desde o 2021. Desenvolveu o seu laboral profesional como Animadora Socio-Cultural, Traballadora Social, Responsable de Calidade e Directora de Centros de Rehabilitación, Pisos Protexidos e Residencia dende 2001. Voluntaria e formadora, é Diplomada en Traballo Social (Universidade de Vigo), Máster en Formación, Xestión e Dirección en Autonomía, Dependencia e Discapacidade (UNED), Máster en Xestión, Intervención e Rehabilitación Psicosocial en Saúde Mental (UNED), Máster en Intervención con Mulleres Vítimas de Violencia de Xénero, Titulación Universitaria en Igualdade de Xénero (Instituto Europeo de Estudos Empresariais) e Máster en Coaching de Persoas e Equipos (Mondragon Unibertsitatea).

ITZIAR GARAY

Desenvolve o seu labor na área de Organizacións e persoas profesionais de EDE Fundazioa acompañando procesos de fortalecemento organizacional. Facilita procesos de cambio persoal, de equipo e organizacional a través de metodoloxías de coaching (ontológico, sistémico, destreza emocional e PNL). É experta en sistemas de xestión de calidade. Acompaña aos equipos a través do Visual Thinking e é facilitadora gráfica de procesos organizacionais.



www.algalia.com

DAVID PEREIRO

É responsable do Programa VIRADA, consultor de estratexia e coach na área de Consultoría de ALGALIA. Facilita procesos de reflexión estratégica, elaboración e avaliación de proxectos para entidades de economía social e administracións públicas. É educador social, licenciado en Filosofía (USC), Posgrao en Programas de Intervención Familiar (UDC), Máster en consultoría e xestión de procesos de desenvolvemento organizacional (Universidade de Valladolid), Máster en coaching de persoas e equipos (Mondragon Unibertsitatea) e Posgrao en coaching de equipos (Mondragon Unibertsitatea).

LAURA RAMÍREZ

É directora técnica en Alento, Asociación de Dano Cerebral dende 2015, ademais de responsable e formadora da Escola DCA na mesma entidade. Dende 2024, é colaboradora de Algalia como coach. Licenciada en Psicoloxía (UCM) con certificado de Habilitación Sanitaria e Máster en sexología e terapia sexual, leva exerciendo o seu labor profesional dende 2005 ata a actualidade, sempre en ámbitos do terceiro sector. Cursou o Máster en Coaching de persoas e equipos de Mondragón Unibertsitatea e está acreditada como Facilitadora de Mindfulness pola International Practitioners of Holistic Medicine (IPH).

PREZO

O prezo de inscrición por participante é de **2.484€**.

A inscrición inclúe:

- 48 horas de docencia presencial en 3 Encontros Outdoor en Caldaria Arnoia.
- 16 horas de docencia presencial en 2 Obradoiros de contido sobre liderado na Cidade da Cultura de Galicia, en Santiago de Compostela.
- 4 horas de Coaching persoal en 2 sesións.
- Aloxamento e comidas no lugar de celebración dos Encontros presenciais Outdoor
- Materiais de consulta en liña.
- Xestións para a bonificación ante a FUNDAE.

**Fundación Estatal
PARA LA FORMACIÓN EN EL EMPLEO**



- A segunda persoa da mesma entidade terá un desconto do 5 %.
- Os pagos poden ser fraccionados: o 50% ao inicio (antes do 24 de febreiro de 2026) e o 50% restante antes do 30 de xuño de 2026.
- Este programa é bonificable pola Fundación Estatal para la Formación y el Empleo. O importe bonificable será calculado específicamente para cada participante durante o proceso de inscrición.

Inscrición

Prazo de inscrición

- Antes das 08.00 horas do venres 13 de febreiro de 2026.
- O formulario de inscrición está disponible en www.algalia.com.

Requisitos

- Pessoas con responsabilidades, presentes ou futuras, de dirección, xerencia ou coordinación de equipos en entidades de economía social ou empresas.
- Non poderán participar máis de dúas persoas da mesma entidade ou empresa, salvo excepcións, que se estudiarán en particular.

Número de prazas

- O número de prazas está limitado a un máximo de 25.
- ALGALIA resérvase o dereito de suspender a edición do programa por razóns organizativas.

Criterios de selección

- Valoraráse a adecuación dos contidos do curso ao perfil profesional presente ou futuro da persoa candidata.
- Terase en conta o número de participantes dunha mesma organización.
- Terase en conta a orde de inscrición.
- Unha vez realizada a inscrición, o responsable do Programa VIRADA, manterá unha entrevista persoal virtual coa persoa candidata.

Responsable do Programa

David Pereiro

687 879 414

david.pereiro@algalia.com